

## GUÍA DIDÁCTICA:

### “Os días D e as semanas S”

(proxecto baseado en  
filosofía REA e DUA)



**Autor: Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)**

**Mestre en Educación Primaria e licenciado en Filosofía e Ciencias da  
Educación pola UNED**

**CEIP O PIÑEIRIÑO (Vilagarcía de Arousa)**

## Materia ou materias e cursos a que se dirixe

---

As secuencias didácticas que forman parte de este proxecto teñen un carácter claramente interdisciplinar aínda que na programación as poidamos orientar ao currículo de **5º de Primaria** nas materias de **Ciencias sociais, Ciencias naturais, Lingua galega e literatura e Valores sociais e cívicos**. Pode utilizarse igualmente en 6º de primaria e incluso en 1º e 2º da ESO.

As secuencias seguirán as directrices do DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) relacionado de forma directa cos **recursos de aprendizaxe en aberto** (REA) e que implica a **acesibilidade universal á educación**.

Á hora de utilizar estas secuencias, debemos integrar diferentes formas de presentación dos temas e responder a distintas **motivacións, estilos de aprendizaxe ou intelixencias**. Ademais, hai que facelo por medio de metodoloxías variadas. Neste proceso crearemos uns contidos universais, tanto en relación á forma como ao material obxecto de estudo.

Estableceremos un obxectivo **pensando en todos os estudantes**, valorando que materiais, recursos e métodos poderán servir para a nosa finalidade integradora, realizando unha **avaliación previa** de carácter diagnóstica e unha avaliación final, unha vez implementada a lección na aula.

Nos cadernos de traballo das secuencias incluimos igualmente **textos con pictogramas** para nenos con trastornos do espectro autista.

A **lingua** das secuencias e ODEs independentes será en **galego** segundo dispón o *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

## Xustificación:

---

As TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) e de xeito máis concreto as TAC (Tecnoloxías da Aprendizaxe e o Coñecemento) son unha excelente oportunidade para axudar a liberarnos dunha vez por todas da escravitude que supoñen os libros de texto. Son o complemento ideal para metodoloxías de traballo baseadas en filosofías máis abertas e construtivistas e para o traballo por proxectos, algo que nunca conseguiremos se seguimos apoiando a nosa ensinanza en solucións prefabricadas como son os CDs comerciais pensados para uns alumnos standard que non temos e para unha realidade completamente allea á nosa.

O obxectivo fundamental que persigo é complementar e incluso prescindir de cando en vez do papel por outro tipo de soportes (neste caso o dixital) para o traballo en determinados temas e áreas. Neste caso está pensado para o 5º nivel de primaria, nas áreas de ciencias sociais, ciencias naturais, lingua galega e Valores sociais e cívicos, e en forma de **secuencias didácticas en soporte dixital**.


A **pertinencia da temática a tratar** “Os días D e as semanas S” ven xustificada na Orde pola que se aproba o **calendario escolar** para o curso correspondente (no curso 2019/20 na: *Orde do 20 de xuño de 2019*) para os centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de

---

Galicia, onde no **artigo 8** sinala as conmemoracións que como mínimo deberemos celebrar. Para o vindeiro curso ese mínimo componse de 11 días conmemorativos e 4 semanas. Lembrar que a ONU ten marcados [máis de 165 días internacionais](#) coas súas correspondentes resolucións.

Nesta primeira entrega traballaremos os seguintes días:


- 30 de xaneiro: **Día Escolar da non Violencia e da Paz.**
- 15 de marzo: **Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.**
- 7 de abril: **Día Mundial da Saúde.**
- Do 11 ao 15 de maio: **Semana das Letras Galegas.**



**Estrutura da secuencia didáctica:**

---

- **0.- Folla de ruta** co que realizaremos na secuencia (está feita en Genially, exportada en html5 e integrada no exelearning).



- **1.- Caderno de traballo:** Teoría sobre o **significado** da conmemoración, **historia da literatura galega**, **persoeiros destacados** de anteriores conmemoracións, **Romance da lingua galega** (para traballar en primaria), integración con pictogramas, actividades sinxelas de comprensión do aprendido...



- **2.- Glosario:** Vocabulario traballado na secuencia didáctica cunha breve definición adaptada á idade dos alumnos.

### GLOSARIO (ver/ocultar todas as palabras)

#### A - D

**Actitude lingüística:** Percepción ou consideración dun falante cara a lingua, o seu uso, e cunha serie de crenzas xeralizadas a nivel social.


**Bilingüismo:** Situación dun individuo que fala dúas linguas ou da comunidade, rexión ou linguas nun nivel de igualdade.

**Castrapo:** Variante do idioma castelán falado en Galicia, caracterizada pola abundancia de palabras tomadas do idioma galego.

**Comunidade lingüística:** Grupo de falantes dunha lingua dende o punto de vista xeográfico.


**Día das Letras Galegas:** Día de exaltación da lingua de Galicia a través da súa manifestación cultural. Celebrase o 17 de maio do 1963, coincidindo co centenario da primeira edición de Cantares Gallegos.

- **3.- Proposta de actividades colaborativas ou cooperativas:** non necesariamente dixitais.



- **4.- Webquest ou Miniquest sobre a conmemoración.**

Introducción Tarefa Proceso Recursos Avaliación Conclusións



Todos os anos, na **semana do 17 de maio**, celebramos nos centros **das Letras galegas** na que homenaxeamos a un persoeiro destacado. Este persoeiro é seleccionado polos membros da Real Academia Galega a través de varias propostas que deben ter a condición de levar máis de dez anos de antigüidade. O nome do persoeiro dase a coñecer un ano antes da celebración.

Aínda que diversos colectivos de docentes ou a propia Administración ofrecen recursos para traballar a vida e obra do persoeiro, tamén é certo que elaborar nós as preguntas pode ser moi enriquecedor.

[Smashicons. Notebook](#)  
(CC BY)

- **5.- Ampliación:** propostas de traballo con dispositivos móbiles ou emprego de técnicas de metodoloxías emerxentes.

**?** **!** **Ricardo Carballo Calero (Letras Galegas 2020)**

O Día das Letras Galegas 2020 está adicado a este escritor. Vexamos canto sabes da súa vida e obra. Tes 5 minutos para responder a todas as preguntas



Xosé Antón Vicente Rodríguez

**BrincaLetras**

- **6.- Recopilación e clasificación doutros materiais dixitais con licenza libre para traballar esta conmemoración** dando especial atención aos publicados no repositorio de contidos do espazoAbalar

**BrincaLetras sobre a "Literatura Galega"**



**Nivel educativo:** 6º de Primaria

**Área:** Lingua Galega e Literatura

**Autores:** Xosé Antón Vicente Rodríguez

**Procedencia:** Respositorio de contidos do espazoAbalar

**Descrición:** BrincaLetras para traballar obras literarias dos autores homenaxeados das Letras Galegas.

[Acceso ao recurso](#)

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15

- **7.- Avaliación da secuencia didáctica:** Inclúe criterios de avaliación, instrumentos e rúbricas creadas ad hoc.

	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 punto
Contido e precisión	Toda a información da infografía é axeitada.	99-90% da información na infografía é axeitada.	89-80% da información na infografía é axeitada.	Menos do 80% da información na infografía é axeitada.
Escritura-Gramática	Non hai erros gramaticais no texto da infografía.	Non hai erros gramaticais no texto da infografía despois da revisión por parte do mestre.	Hai 1-2 erros gramaticais no texto da infografía aínda despois da revisión por parte do mestre.	Hai 3 ou máis erros gramaticais no texto da infografía aínda despois da revisión por parte do mestre.
Coñecemento gañado	Todos os alumnos do grupo poden argumentar as dez decisións tomadas na infografía e o proceso técnico usado para crealo.	Todos os alumnos do grupo poden argumentar a maioría das dez decisións tomadas na infografía e o proceso técnico usado para crealo.	Só algúns alumnos do grupo poden argumentar as dez decisións tomadas na infografía e o proceso técnico usado para crealo.	Varios alumnos do grupo parecen ter pouco coñecemento sobre a información e procesos técnicos usados na infografía.
Gráficos	Os gráficos van ben co texto e hai unha boa combinación de texto e gráficos.	Os gráficos van ben co texto, pero hai moitos que se desvían do mesmo.	Os gráficos van ben co título, pero hai moi poucos e a infografía parece ter un "texto pesado" para ler.	Os gráficos non van co texto, e aparentan ter sido escollidos sen ningún orden.

- **8.- Documentos:** No apartado final integramos na secuencia os seguintes documentos: a guía didáctica, o manual de uso, os documentos técnicos en galego e castelán e un documento onde referenciamos a multimedia empregada.

**Multimedia referenciada**

**Ver/Ocultar o documento**

Os días D e as semanas S

A Semana das Letras Galegas


REFERENCIA DA MULTIMEDIA EMPREGADA NESTE RECURSO

CAPTURA	Nome	Autoría	Repositorio/URL	Licenza
	scrabble-juego-cartas-jugar-1615702	<a href="#">Wokandapix</a>	<a href="#">Pixabay</a>	PD

### Relación co currículo:

(DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia).

A pesares de que estas conmemoracións son **transversais**, teñen perfecto encaixe de por sí no currículo oficial de 5º de primaria.



### Secuencia didáctica 4: “Semana das Letras Galegas”

Esta secuencia está moi relacionada con todo o bloque 5 da área de “Lingua galega e literatura” en 5º de primaria.

Área: **Lingua galega e literatura**

**Bloque 5:** “Educación literaria”

Contidos:

B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

Criterios de avaliación:

B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

Estándares de aprendizaxe:

LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

Competencias clave:

CCL, CSC, CCEC

A relación de esta conmemoración é con todo o bloque 5.

Ademais do encaixe curricular anterior, está **relacionadas con contidos do bloque de contidos comúns** de ciencias sociais para este curso:

B1.2 - Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafol) e comunicación das conclusións;

B1.4. Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material;

B1.5. Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia;

B1.6. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos;

B1.7.Utilización da terminoloxía propia da área

**Obxectivos educativos en relación e esta secuencia didáctica:**

- Respetar a cultura de Galicia a partires da tradición literaria
- Identificar as principais figuras da literatura galega.

**Contido a traballar en relación á secuencia:**

- As letras galegas. Literatura galega.

**Competencias clave que traballaremos de xeito especial nesta SD:**

- **Competencias sociais e cívicas (CSC)** en especial na interacción con outras persoas e grupos e participar de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)** cunha actitude aberta e respectuosa ás diferentes manifestacións culturais e artísticas consideradas como desfrute e parte da riqueza e patrimonio dos pobos.
- **Comunicación lingüística (CCL):** o alumnado vai ser produtor e non só receptor de mensaxes e actuará con outros interlocutores a través de textos en múltiples formatos e soportes.
- **Competencia dixital (CD)** aplicando novos coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para ser competentes nunha contorna dixital sempre dende unha posición responsable, creativa, crítica e respectuosa.

## Metodoloxía de aplicación:

Cada unha das secuencias didácticas de este proxecto terá a seguinte estrutura:

- 0.- Folla de ruta.
- 1.- Caderno de traballo
- 2.- Glosario
- 3.- Proposta de actividades colaborativas ou cooperativas.
- 4.- Webquest ou Miniquist sobre a conmemoración.
- 5.- Ampliación: propostas de traballo con dispositivos móbiles ou emprego de técnicas de metodoloxías emerxentes.
- 6.- Recopilación e clasificación doutros materiais dixitais con licenza libre para traballar esta conmemoración.
- 7.- Avaliación da secuencia didáctica.
- 8.- Documentos

Inclúo ademáis na secuencia didáctica propostas para poder traballar cada contido mediante **metodoloxías activas de aprendizaxe** e diferentes **técnicas** (Aprendizaxe Baseado en Proxectos, en Retos, Clase Invertida ou Flipped Classroom, Design Thinking, Gamificación, Escape Game...). O importante de verdade é **que os alumnos sexan os protagonistas da súa propia aprendizaxe** e os recursos que lles presentamos, ao fin e ao cabo, sexa tan só unha excusa, un punto de partida ou un catalizador de esta actividade.

En todas as secuencias incluirei igualmente unha **webquest** para desenvolver **estratexias de investigación** utilizando a Rede.

### **Estratexias de atención á diversidade**

O emprego de metodoloxías activas de aprendizaxe facilita a integración de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo mediante agrupamentos heteroxéneos e a valoración da diferenza. A temática a tratar facilita este tipo de traballo onde a curiosidade e observación serán cualidades moi valoradas.

As secuencias seguirán as directrices do DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) relacionado de forma directa cos **recursos de aprendizaxe en aberto** (REA) e que implica a **acesibilidade universal á educación**.

A neurociencia cognitiva, na formulación do **Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)** sinala a importancia de ofrecer estratexias diversificadas e non centrarnos nun alumnado Standard que non existe -é unha mera entelequia- e nun “currículo promedio” que non axuda nin aos alumnos que non chegan a uns “mínimos” nin aos máis -a priori- “talentosos”. Debemos, polo tanto, ser máis flexibles nos nosos deseños e ofrecer camiños diferentes para chegar a unhas metas, na utilización dos materiais de clase, no uso de métodos, e en como realizamos o proceso de avaliación. Debemos coidar, igualmente, aspectos tales como o xeito de presentar a información, como se expresa, e contar en todo momento co compromiso do alumnado, motivalos e involucralos na súa aprendizaxe.

**O DUA diferencia tres áreas fundamentais: a representación, a motivación e a acción e expresión**

– A **representación** fai referencia ao contido e aos coñecementos: **que aprender**. Ofreceranse distintas opcións para o acceso ao contido, tanto a nivel perceptivo como comprensivo.

– A **motivación** implica compromiso e cooperación, supón involucrarse: **por que aprender**. Proveranse diferentes formas de contribuír ao interese dos estudantes, tanto para captalo como para mantelo, promovendo a súa autonomía e a súa capacidade de autorregulación.

– A **acción e a expresión** responden a **como aprender**. Neste caso, cedendo todo o protagonismo aos alumnos, mediante o emprego de metodoloxías activas.

Á hora de deseñar este proxecto, debemos integrar diferentes formas de presentación dos temas e responder a distintas **motivacións, estilos de aprendizaxe ou intelixencias**. Ademais, hai que facelo por medio de metodoloxías variadas. Neste proceso creamos uns **contidos universais**, tanto en relación á forma como ao material obxecto de estudo.

Establecemos un obxectivo **pensando en todos os estudantes**, valorando que materiais, recursos e métodos poderán servir para a nosa finalidade integradora, realizando unha **avaliación previa** de carácter diagnóstica e unha avaliación final, unha vez implementada a lección na aula.

Todas as secuencias contarán igualmente con **textos con pictogramas** para nenos con trastornos do espectro autista.



No libro de traballo de cada secuencia didáctica configuramos todas as posibilidades de accesibilidade que a ferramenta de autor nos permite como son: texto alternativo en todas as imaxes e videos para os nenos con discapacidade visual que utilicen lectores de pantallas como JAWS ou NVDA, posibilidade de activar skins con maior contraste para os botóns do libro, incluimos un botón para activar o FOCUS para poder manexar o libro tan só co cursor para alumnado con discapacidade motórica do tren superior, incluiremos sons naquelas páxinas nas que sexa pertinente para que así o alumnado poida acceder a cada un dos contidos en diferentes formatos (visual, auditivo...), texto alternativo avisando das páxinas que se abran en nova ventá...

### Mellora da convivencia nos nosos centros

Nesta secuencia didáctica traballaremos entre outros os seguintes **valores** que **mellorarán** sen dúbida **a convivencia nos nosos centros**:

- Respetar a cultura propia.

- Valorar a lingua como parte fundamental da cultura dun pobo e como froito dun esforzo colectivo.

### Avaliación

Realizaremos o proceso avaliativo en **tres momentos**:

Unha **avaliación inicial** ou **diagnóstica** cando iniciemos a aplicación de cada Secuencia Didáctica onde os docentes e o propio alumnado deberemos determinar o grado de coñecementos sobre o tema cos que contamos previamente, as falsas crenzas, prexuizos, e as posibles eivas técnicas ou conceptuais para a realización da secuencia.

**Avaliación continua** de *carácter formativo* durante as sesións precisas, na que revisaremos como evoluciona o traballo, se se cumpren os obxectivos ou deben ser revisados ou rectificadas.

Unha **avaliación final** ao remate da secuencia didáctica, a partir da cal extraeremos conclusións prácticas de cara a posteriores temáticas a traballar (se é efectivo este xeito de traballo, que tipo de contidos funcionaron mellor, os agrupamentos, os espazos utilizados, os medios técnicos, como foi a motivación, os resultados acadados axustáronse ou non ás expectativas...).

**Atenderemos especialmente os seguintes CRITERIOS na avaliación:**

- Grado de coñecemento acadado por parte dos alumnos e alumnas nos temas traballados.
- Grado de implicación dos alumnos e alumnas nas tarefas propostas (tanto individuais como grupais).

- Incidencia do uso das TIC e TAC na práctica docente.
- Atención aos intereses e motivacións dos alumnos.

**Instrumentos de avaliación:**

Aínda que os propios recursos teñen páxinas con actividades interactivas con autoavaliación e aínda que teñamos a posibilidade de rexistrar todos estes resultados (por exemplo cando estes ODEs témolos subidos en formato scorm dentro dunha aula virtual), **esta interactividade non debería ser utilizada nunca como instrumento de avaliación e sí como un reforzó e estímulo para o alumnado.** Recomendo outro tipo de instrumentos como son a realización de **rúbricas** na que cada alumno ou grupo valore o seu progreso ao longo de toda a actividade, e incluso avaliación entre pares.

Avaliamos o traballo en grupo						Profesor: _____	10
						Alumno: _____	
Indicadores de avaliación	Excelente 4 😄	Ben 3 😊	Satisfactorio 2 😐	Insatisfactorio 1 😞	Observacións	Puntos	
Traballo cos compañeiros	Escoita, comparte e apoia o traballo de outros. Trata de manter a unión dos membros	Usualmente escoita, comparte e apoia o traballo de outros. Non causa problemas ao grupo	A veces escoita, comparte e apoia o traballo de outros. Pero a veces non é bo membro do grupo	Raramente escoita, comparte e apoia o traballo de outros. Non é bo membro do grupo.		¿?	
Actitude cara o traballo	Sempre ten unha actitude positiva cara o traballo	Case sempre ten unha actitude positiva cara o traballo	Algunhas veces ten unha actitude positiva cara o traballo	Ten unha actitude negativa cara o traballo		¿?	
Clima de traballo	O clima de traballo foi o axeitado. Existiu bastante intercambio de información no grupo.	A posta en común fo algo i insuficiente pero o cima foi o axeitado.	A posta en común foi significativamente insuficiente	Non houbo intercambio de información e posta en común no grupo		¿?	
Elaboración das tarefas	As tarefas realizadas foron interesantes e orixinais	As tarefas axustáronse ao solicitado pero con escaso grado de orixinalidade.	Insuficiente grado de elaboración das tarefas	Nulo ou escaso grado de elaboración das tarefas		¿?	

Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)